CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. - A creba do pensamento filosófico occidental. - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.

UD	Título da UD	Duración
6	Filosofía séculos XX e XXI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.	PE	100
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Resolución correcta das cuestións formuladas e/ou textos comentados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade.
- A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt.
- A creba do pensamento filosófico occidental.
- Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble.
- O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica.
- O pensamento feminista desde a ilustración.
- A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges.
- A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.
- O pensamento feminista na actualidade.
- A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano.
- O pensamento galego no século XX.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Estratexias metodolóxicas

A aprendizaxe por competencias leva implícita o desenvolvemento de habilidades crítico-analíticas. Xa que logo, os catro momentos de secuenciación metodolóxica terán en conta cinco procedementos de traballo:

- Procedementos lóxicos de carácter xeral: definición, clasificación, análise, síntese, abstracción.
- Procedementos expresivos relativos á argumentación e defensa coherente dunha tese: redaccións escritas, exposicións orais, diálogos racionais, presentacións baseadas nas regras da retórica.
- Procedementos de busca, localización, procesamento, exposición e utilización crítica e responsable de diversas informacións.
- Procedementos de aplicación: investigación, formulación e resposta a un problema, cuestión, ou pregunta, así como valoración das conclusións obtidas e a súa transferencia a outros problemas.
- Procedementos relativos á análise, composición e comentario de textos.

A metodoloxía pretende favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. O desenvolvemento dos contidos conceptuais farase segundo os principios psicopedagóxicos da aprendizaxe significativa.

Secuenciación habitual do traballo na aula

Cada contido conceptual desenvolverase nunha secuencia de sesións estruturadas da seguinte maneira.

1º Actividades de problematización

Por medio do traballo na aula, con actividades previamente seleccionadas e/ou a realización colectiva de sesións de diálogo motivacional, formularemos un achegamento aos núcleos temáticos a partir dos coñecementos previos do alumnado. O obxectivo é que recapacite sobre as súas preocupacións implícitas e non tematizadas, e actualizar os diversos coñecementos que sobre o asunto foron adquiridos en niveis e materias anteriores. Este traballo inicial consta de: ideas previas e preconceptos, problemas, filosofemas,

texto ou láminas para comentar.

2º Explicación maxistral

Nestas sesións o profesorado exporá dunha maneira clara, estruturada e rigorosa, as ideas básicas de cada tema, desimplicándoo a partir dos coñecementos básicos do alumando e trazando un curso progresivo na adquisición de conceptos, teorías e argumentos. Para esta tarefa de explicación empregaranse os contidos teóricos que o profesor entregará previamente ao alumnado en fotocopias ou ben recorrendo ao libro de texto establecido para 2º de Bacharelato.

3º Lectura comprensiva

Faranse todos os comentarios de texto e exercicios teóricos referentes aos contidos explicados e de estudo obrigatorio segundo as disposicións legais vixentes. Para estas tarefas empregaranse os textos e exercicios teóricos desenvolvidos nas fotocopias entregadas ou que figuran no libro de texto.

4º Aplicación

Por medio da realización de traballos individuais, en grupo e colectivos (aula), porase en práctica o conxunto de coñecementos e destrezas adquiridas.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos propios do profesorado
Libro de texto "Historia da Filosofía. Segundo curso de Bacharelato", Baía Edicións, A Coruña, 2023
Videos titoriais de apoio das explicacións e tarefas (na aula virtual da materia)
Textos das/dos filósofas/os (na aula virtual da materia)
Aula virtual da materia.
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Libros e artigos de lectura

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran para o traballo individual e, se fora preciso, para formar diversos grupos segundo as necesidades de cada tema. En cada aula deberá ser de uso obrigatorio o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso (textos preferentemente).

Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final se así se considerase necesario. A aula virtual na web do centro será un elemento de apoio á docencia e á entrega de información relevante por parte do profesorado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial, e determinar o nivel de coñecementos, habilidades e competencias do alumnado, poderán empregarse catro tipos de instrumentos.

- 1) Test individualizado orientado a detectar o nivel competencial do alumnado.
- 2) Grupos de discusión orientados a detectar a calidade da argumentación retórica e o grao de desenvolvemento reflexivo na exposición oral.
- 3) Tratamento e comprensión da información a través da análise, estudo e exposición do contido dun texto de carácter filosófico.
- 4) Diálogo grupal na aula dirixido polo profesor.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	15	20	20	15	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Farase un comentario de texto con cuestión (semellante ás probas ABAU) por cada unidade didáctica ou por cada autor/a como mínimo ou por cada dúas unidades didácticas ou por tres autores/as como máximo.

Os mínimos esixibles para unha avaliación positiva proceden das probas estandarizadas e comparables que permiten observar, medir e avaliar o rendemento ou os logros acadados no proceso de aprendizaxe. Estas probas estandarizadas e comparables permiten medir a asimilación suficiente dos contidos filosóficos avaliados dos que se compón o curso e o logro dos obxectivos.

A cualificación positiva mínima é o resultado de dous tipos de probas posibles.

- Probas de composición: nas que como mínimo debe acadarse 5 puntos sobre 10.

- Probas obxectivas: nas que como mínimo debe acadarse 5 puntos sobre 10.

(Con preferencia realizaranse "Probas de composición" ao longo de todo o curso co obxectivo de preparar ao alumnado para as probas ABAU. As "Probas obxectivas", ou probas tipo test, determinaranse para ocasións exclusivamente extraordinarias).

A ponderación das "Probas de composición" será positiva sempre a partir de 5 puntos como puntuación mínima en cada proba.

Só cando se acaden os 5 puntos en todas as probas, sumaranse as cualificacións positivas acumuladas ao longo do trimestre se as houbera. Estas cualificacións poden proceder de:

- Análise das producións (analóxicas ou dixitais): de 0 a 1 punto en tramos de 0,25.

- Análise do caderno de clase: de 0 a 1 punto en tramos de 0,25.

- Análise da produción resultado da charla anual impartida por unha/un profesora/profesor da USC sobre un/unha autora/autor das ABAU: de 0 a 1 punto en tramos de 0,25.

A nota final de avaliación será o resultado da suma das notas dos traballos de avaliación, libreta/traballo na clase e nota do exame, sempre que a nota do exame sexa maior ou igual a 5 puntos. De non ser así, deberá repetirse o exame na seguinte avaliación até lograr acadar os 5 puntos. O curso considérase superado cando todas e cada unha das probas de composición (e probas obxectivas se as houber) teñen como nota mínima un 5.

Neste tipo de avaliación só cabe o redondeo matemático.

Criterios de recuperación:

Recuperación das probas non superadas.

- Os traballos non entregados en prazo, ou non superados, implican a perda directa da nota dos traballos. Non implican suspenso.

- A proba do exame recupérase mediante outro exame de similares características. Se é preciso facer un terceiro exame, este terceiro exame avaliarase unicamente como aprobado (5 puntos) ou suspenso (menos de 5 puntos).

Recuperación dunha avaliación non superada.

- Para recuperar as avaliacións non superadas realizarase unha proba escrita. Tras superar a proba escrita, procederase a sumar as cualificacións dos traballos acumulados que non foron sumados con anterioridade. De non superala, e de ser o caso, poderase facer unha repesca que se puntuará como aprobado (5 puntos) ou suspenso (menos de 5 puntos)

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de aprendizaxe-ensinanza precisa ser individualizado ás necesidades do alumnado. Neste sentido as medidas de atención á diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinados a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorendo o acceso aos recursos e a convivencia. 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidades específicas de apoio que requiriran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras). En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: incidirase na relevancia dun achegamento correcto e rigoroso aos textos da tradición filosófica occidental.
- Expresión oral e escrita: afondarase no valor, para as sociedades tardomodernas, dunha correcta presentación en público por medio orais e escritos.
- Igualdade de xénero: procederase a visibilización en todas as unidades didácticas do traballo intelectual das filósofas a través de comentarios de texto guiados con preguntas.
- Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia: procederase a traballalos nos diálogos filosóficos da aula.
- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social: procederase a axudar a tomar conciencia deste elemento a través da humanización das relacións persoais na aula e fóra da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla-coloquio sobre algunha/algún das/dos filósofas/os do currículo	Conferencia con posterior coloquio sobre algunha das filosofías abordadas na aula		X	

Observacións:

Esta actividade é avaliábel. Despois da charla e posterior coloquio, procederase a realizar individualmente un documento escrito sobre a charla, que deberá ser entregado ao remate da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Como norma xeral fanse explicacións xerais satisfactorias para todo o alumnado?
Metodoloxía empregada
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
7. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?
5. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Clima de traballo na aula
6. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?

Descrición:

A escala de avaliación é: de 1 (menor consecución) a 4 (maior consecución)

- Os indicadores 1, 2, 3 están referidos ao proceso de ensino.

- Os indicadores 4, 5, 6, 7 están referidos á práctica docente.

Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica pódense activar a petición dos membros do departamento didáctico ou de non cumprirse os graos mínimos de consecución marcados para cada curso. Os mecanismos de revisión poderán ser os seguintes.

1) Comentario semanal, revisión quincenal e avaliación mensual polos membros do Departamento didáctico, reunidos en xuntanza formal, sobre o desenvolvemento e grao de execución da programación (obstáculos, dificultades, medios, procedementos, logros, entre outros). As propostas e acordos para futuras modificacións deben quedar reflectidos no Libro de Actas do departamento.

2) Comentario, revisión e avaliación dos datos xerais das sesións de avaliación. Deben incorporarse ás actas anteditas os elementos e propostas que poden axudar a mellorar os resultados.

3) Posta en común, análise e avaliación dos resultados dos documentos con indicadores para avaliar o proceso de ensino e práctica docente. Os comentarios e acordos entre os membros do departamento deberanse incorporar ao Libro de actas.

4) Intercambio de impresións con departamentos de Filosofía doutros centros, ou con departamentos do propio centro seleccionados en función da súa afinidade docente a respecto da dificultade de lograr os obxectivos de máis difícil consecución. Debe comentarse na reunión do departamento didáctico e incorporalo á acta correspondente.

Cos elementos anteditos, ao comezo de cada curso o/a responsable da programación didáctica pode ter información suficiente para modificar, ou non, a programación docente en relación cos resultados académicos e procesos de

mellora. Estudarase revisar aqueles aspectos da mesma que non poidan cumprirse por algún motivo e tratará de analizarse contextualmente a posibilidade de cumprilos en cursos próximos, diferenciando os incumprimentos accidentais (solucionables) doutros que poidan esixir a revisión da programación.

9. Outros apartados